



ÓS PARTIDOS POLÍTICOS

Vigo e o seu hinterland, a “Rexión Urbana”, que abrangue un espectro máis amplo que a denominada “Área Metropolitana” –vai dende Vilagarcía ata a raia- e que afecta a preto de 900.000 habitantes, coa súa puxanza económica, coa súa contribución a un tercio do PIB galego, atópase na encrucillada seguramente máis decisiva da súa historia, polas sinerxías que concorren á hora de harmonizar o local e o global, polos riscos de deslocalización e pola necesidade de tomar decisións inmediatas e urdir modelos acertados.

É patente, por outra banda, que unha análise dos investimentos realizados ó longo da última década tanto polo Goberno de Madrid como polo de Santiago non resistiría, en estricta xustiza distributiva, unha comparación con outras cidades semellantes de Galicia .

A xestión política, a planificación e a xénese de iniciativas axeitadas, lamentamos sinceramente dicilo, ou foron claramente insuficientes ou estiveron ausentes na nosa historia recente, e non contaron adecuadamente, asemade, coa eficaz axuda da clase política viguesa. Esa é, alomenos, a percepción d@s cidadás e cidadáns, afundid@s e magoad@s nun sentimento de frustración e desacougo diante do que consideran un abandono evidente dos poderes públicos, promesas e ofrecementos continuados ó marxe.

A nosa contribución silenciosa á comunidade engarza tamén unha *carta de dereitos* que cómpre lembrar neste intre, lonxe dunha mera visión localista.

Considerámonos, en consecuencia, obrigados a lanzar unha chamada a todos os partidos políticos concorrentes ás vindeiras eleccións, para que teñan na **máis seria consideración o Decálogo** que **OUTROVIGOÉPOSIBLE**, Asociación de participación cidadá, presenta a continuación -e que debe ser entendido como unha brevísima síntese de mínimos-, onde se enuncian as **liñas de xestión** que, ó noso xuízo, se amosan **imprescindibles** e de **atención preferente** para o desenvolvemento sostible desta cidade; encol delas desexamos un pronunciamento na campaña electoral e, sobre todo, solicitamos unha **firme defensa na próxima lexislatura** tanto polo Parlamento como polo Consello da Xunta.

Son chegados, xa que logo, os tempos de que a sociedade civil se dirixa ós futuros portadores da soberanía popular en demanda do que se estima inaprazable: **un cambio na relación con esta cidade** por parte das diferentes estruturas de poder político, neste caso autonómico. Unha cidade que non pode ser *moeda de troco* nas transaccións políticas. As eleccións que se aveciñan eríxense nun marco de referencia para describir a situación de Vigo: **OUTROVIGOÉPOSIBLE** así o estima, proclama e esixe.

DECÁLOGO DE XESTIÓN PARA VIGO

1.- A redacción dun plano territorial integrado terá como obxecto establecer unha maior cooperación en materia de Ordenación do Territorio entre os concellos na Rexión Urbana e exercerá o papel de *tutela e dirección planificadora* en infraestructuras, equipamentos, desenvolvemento socioeconómico, recursos e servicios. Amósase un requisito indispensable en orde á coordinación do PXOM de Vigo con todos os demais planos municipais que se atopan en fase de elaboración/revisión..

2.- O deseño e execución dun plano integrado de infraestructuras para a Rexión Urbana debe resolver todas as conexións –externas e internas- mediante os seguintes compoñentes: sistema portuario Vigo/Marín/Vilagarcía, aeroporto, redes viaria/ferroviaria/marítima, redes eléctrica/informática/telecomunicación, abastecemento de augas, depuración de verquidos e xestión de residuos. As prioridades de transporte serán: ferrocarril/marítimo fronte o de estrada, público fronte ó privado, non-motorizado fronte ó motorizado.

3.- A posta en marcha dun plano metropolitano de mobilidade pode considerarse indispensable para o progreso sostible e de futuro da Rexión Urbana. Debe incluír un ferrocarril de proximidade –especialmente no eixe Vilagarcía/Viana, -“saída sur”-, un metro, a creación de eficaces servicios de intermodalidade –ferrocarril/autobús/barco-, e a mellora dos transportes marítimos nas rías, mediante a incorporación de liñas de ferry.

4.- A necesidade dun novo hospital ven sendo reclamada dende fai tempo. Unha área sanitaria caracterizada pola dispersión en catro centros asistenciais -un, privado-, o que supón ausencia de sinerxías e perda de eficacia, esixe a construción dunha nova instalación de máximo nivel, na que se concentre alta tecnoloxía, ó tempo que se descentraliza a atención especializada ambulatoria con consultas fóra de Vigo, acercándoa @s usuari@s. A oncoloxía merece ser unha área estratéxica preferente.

5.- O fornecemento de solo industrial e de servicios, tradicionalmente descoidado pola xestión política, debería constituír na actualidade a máxima prioridade de actuación, xa que Vigo xógase o seu futuro. A súa dotación, demandada por todos os axentes económicos e productivos, precisa a acción tutelada da Xunta de Galicia en orde a impulsar dende os diferentes Planos Xerais de Ordenación Municipal a provisión de 10.000.000 de metros cadrados mailas correspondentes infraestructuras e equipamentos. .

6.- A reestructuración da demarcación xudicial unificará o ámbito territorial das distintas xurisdiccións en Vigo e na súa área de influencia. Cómpre descentralizar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, creando Salas do Social e do Contencioso-Administrativo, con sede en Vigo, para o ámbito territorial das provincias de Pontevedra e Ourense.

7.- A elaboración e aplicación dun plano especial de formación científica, técnica e profesional, permitirá ofertar precisos recursos humanos imprescindibles para a formación dun nó tecnolóxico e incorporar un ambicioso programa de I+D+i. Debe conectarse o sistema educativo regrado cos departamentos de formación das empresas, actualizar especialidades e titulacións e potenciar a formación continua.

8.- Unha atención seria á cultura de Vigo por parte da Xunta de Galicia, deberá mobilizar máis recursos destinados ó Auditorio de Beiramar, para propiciar a súa *xestión pública*. Procede tecer un proxecto cultural na cidade e na intermunicipalidade, integrado na Comunidade Autónoma, que, poñendo en valor fondos xa existentes, conecte a nosa creatividade con outras referencias europeas e atlánticas.

9.- A urda dun plano de desenvolvemento tecnolóxico en Vigo, considerada como *cidade de referencia na xeración de sinerxías industriais e nós de coñecemento* (cfr. derradeira reunión do Eixe Atlántico), permitirá a consolidación dos sectores estratéxicos e asociados, a inclusión de novos sectores de alta tecnoloxía –que diversifiquen o tecido e calmen perigos latentes- e o arredamento paulatino de motores económicos con dinámicas insostibles a longo prazo, como a construción compulsiva.

10.- O pulo ó desenvolvemento turístico supón que as Institucións deben formalizar a consideración de Vigo e a súa área de influencia como *destino turístico de calidade*, diversificado en niveis de consumo e orientado a novos espazos de oferta, como os da cultura, a natureza e o negocio, que logren superar medidas estándar de realización estacionaria e de tempada, construíndo alternativas turísticas verdadeiramente diferenciadas e sostibles.

OUTROVIGOÉPOSIBLE quere solicitarlle á clase política un esforzo de planificación e xestión con visión de futuro, que arrinque do apoio ó **desenvolvemento sostible**, que saiba harmonizar as necesidades sociais, a actividade económica e a conservación e mellora do **medio ambiente**. Que tamén favoreza unha organización territorial acorde coa realidade sociourbana e socioeconómica de Galicia; que aloumiñe o prodixioso **patrimonio natural** – sen esquecer o histórico e o cultural-, proclive á súa degradación irresponsable. Nós, como cidadás e cidadáns, brindamos a nosa máis afervoadada colaboración, nun exercicio de democracia participativa, para ir tecendo un modelo de sociedade, un modelo de cidade, do que sexamos capaces de sentírmonos fachendosos e deste xeito poder legalo ós nosos herdeiros. É posible.